CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo con respecto e resolver os conflitos pacificamente.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Cumprir coas responsabilidades dentro do equipo.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os elementos matemáticos a partir de preguntas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade

Contidos

- Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999.
- Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.
- Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
- Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 999) e ordinais (ata o 10^º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Educación financeira
- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.

Contidos

- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
8	El oso pardo	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.	PE	60
CA3.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer números, operacións e figuras xeométricas na vida cotiá.		
CA3.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, operacións e figuras xeométricas presentes na vida cotiá e noutras áreas.		
CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, operacións e figuras xeométricas.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender as preguntas de problemas de estadística e recollida de datos da vida cotiá.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas de estadística.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas de estadística aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo con respecto e resolver os conflitos pacificamente.	TI	40
CA3.3 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA3.4 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.		
CA3.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais. - Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos. - Localización e sistemas de representación - Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos. - Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido. - Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo. - Modelo matemático - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos - Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos. - Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos. - Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.

UD	Título da UD	Duración
9	Iguazú	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer situacións de cálculo con euros na vida cotiá.	PE	60
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas de medida de tempo.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Dar exemplos de problemas de medida de tempo na vida cotiá.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer as unidades de medida de tempo.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida á medida de tempo.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Proporcionar exemplos de problemas con euros en situacións da vida cotiá.	TI	40
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Asumir as responsabilidades no equipo para conseguir os obxectivos do grupo.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar os pasos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de medida de tempo de forma verbal ou gráfica.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer situacións matemáticas presentes na vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Sentido das operacións
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
- Educación financeira
- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Magnitude
- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais.
- Construción dun modelo de reloxo analóxico con materiais sinxelos como recurso para coñecer a relación entre os seus elementos, así como a representación das medidas temporais presentes.
- Lectura da hora (en punto, medias e cuartos) en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais).
- Estimación e relacións
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Crenzas, actitudes e emocións

UD	Título da UD	Duración
10	Las pirámides	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.	PE	65
CA3.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer os corpos xeométricos, os seus elementos e o volume.		
CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe relacionada cos corpos xeométricos, os seus elementos e o volume.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Proporcionar exemplos de representacións de problemas da vida cotiá relacionados cos patróns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo con respecto e resolver os conflitos pacificamente.	TI	35
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as emocións básicas ante as matemáticas, pedindo axuda no caso de necesitalo.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con patróns con axuda de preguntas.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais. - Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos. - Localización e sistemas de representación - Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos. - Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Resolución en equipo de problemas da vida cotián relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido. - Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo. - Patróns - Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia. - Crenzas, actitudes e emocións - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.

UD	Título da UD	Duración
11	Las medusas	14

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.	PE	80
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar, entre varias, a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resollen matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados con números, medición e operacións coscéntimos de euro.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer relacións entre as unidades de medida de masa e capacidade.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as unidades de medida de masa e capacidade.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referido ás unidades de masa e capacidade.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Asumir as responsabilidades no equipo para conseguir os obxectivos do grupo.	TI	20
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos relacionados coas unidades de medida de masa e capacidade de forma verbal ou gráfica.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás. - Medición - Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido. - Estimación e relacións - Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Crenzas, actitudes e emocións - Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.

UD	Título da UD	Duración
12	Parques acuáticos	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender as preguntas de problemas relacionados coa multiplicación.	PE	60
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe relacionada coa probabilidade.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo con respecto e resolver os conflitos pacificamente.	TI	40
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante as matemáticas.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender as preguntas expostas, recoñecendo a información contida en problemas de probabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados. - Pensamento computacional - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias. - Organización e análise de datos - Incerteza - Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Será unha metodoloxía activa, participativa, manipulativa e descubridora, á vez que comunicativa e inclusiva. O obxectivo será o logro dos obxectivos xerais e a adquisición das competencias clave establecidos nos epígrafes anteriores, dando a todo o alumnado unha resposta educativa adecuada ós seus intereses e necesidades.

Implantarase a metodoloxía TEACHH, válida para todo o alumnado pola súa riqueza en soporte visual, identificación de espazos e estruturación das sesións.

Partirase dos coñecementos previos do alumnado, construíndo sobre eles a aprendizaxe de xeito construtivo, así coma do seu nivel de desenvolvemento psicoevolutivo, emocional e dos seus intereses.

A atención será individualizada, detectando todas as dificultades existentes e dando resposta e apoio a todo o alumnado. Atenderase tamén ós diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a autonomía e o espírito emprendedor de cada alumno/a. A subdivisión do grupo en 2 subgrupos en determinadas sesións favorecerá a

individualización.

Acompañaranse as explicacións do docente de apoio visual con imaxes, vídeos, presentacións, esquemas ou mapas conceptuais, utilizando no caso de ser implantados outros métodos de comunicación.

Fomentaranse, así mesmo, o desenvolvemento das habilidades sociais entre o alumnado. Traballarase de xeito cooperativo, de xeito que todo o alumnado se sinta parte activa e esencial do grupo-clase. Realizaranse dinámicas de gran grupo a diario.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS:

Formado por todos os profesionais do centro educativo: profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, ATS, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS:

- Material funxible: lapis, cores, plastilina, materiais reciclados...
- Libros de lectura: contos, cómics, literatura infantil e xuvenil.
- Libro de texto de Matemáticas (Vicens Vives).
- Recursos elaborados pola mestra: fichas, actividades, xogos...tanto para realizar en papel como de xeito virtual.
- Material específico para as actividades específicas da materia: probetas e vasos de precipitados, balanzas, microscopio, prismáticos...

RECURSOS TECNOLÓXICOS:

Incluindo ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS:

Desde o uso da web do centro e posibilidade de uso da aula virtual ata enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada e outras ferramentas web (genial.ly, plickers, kahoot, learningapps, flippity...) entre outros, para a posta en marcha das diferentes unidades didácticas así como repaso e/ou avaliación dos contidos.

RECURSOS ESPACIAIS:

Farase uso da propia aula ordinaria así como de todas as instalacións do centro (biblioteca, patio, aula de convivencia...) e espazos da contorna próxima.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo, tal e como se recolle na normativa vixente (Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.), nas primeiras semanas do curso cando se incorpore o alumnado ou, tamén, ao inicio de cada unidade didáctica. Para a realización da mesma:

- Revisaranse os informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollerase información en entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en

canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

- Avaliaranse as competencias e contidos facendo uso de instrumentos de avaliación diversos como a escala de observación, asemblea, resolución de exercicios, textos escritos, producións orais... realizando actividades de recoñecemento de características, preguntas orais ou escritas, actividades de comprensión e expresión oral, actividades dixitais, asemblea sobre algún tema específico...

A partir desta avaliación inicial tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumno/as para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	8	8	8	8	9	9
Proba escrita	45	50	50	60	40	55	50	60	60	65
Táboa de indicadores	55	50	50	40	60	45	50	40	40	35

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	80	60	57
Táboa de indicadores	20	40	43

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación e recollidos na táboa anterior. Estes son as probas escritas e as táboas de indicadores, cuxos pesos se reflexan na avaliación das unidades didácticas.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno e no libro, os resumos, esquemas e mapas conceptuais así como as probas obxectivas.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo e/ou escalas de observación dos criterios recollidos en cada unidade.

O cálculo de cada avaliación será a media aritmética das notas das dúas unidades de cada unha. O procedemento para o cálculo da nota final será o mesmo: a media aritmética das notas das tres avaliacións.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco; exceptuando as notas inferiores a 5 nas que non se fará este redondeo.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas escritas de reforzo que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado na unidade ou trimestre seguinte ao non superado. Ademais, debido ó carácter da avaliación continua, teránse en conta as probas realizadas na seguinte unidade ou avaliación, sendo conscientes de se os criterios da unidade ou avaliación anteriores están superados ou non.

As tarefas escritas terán un valor do 80%, mentras que o 20% restante será o das probas das unidades ou avaliacións seguintes.

6. Medidas de atención á diversidade

Baseándonos no establecido na lexislación actual en materia de atención á diversidade (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación xunto coa Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve) teranse en conta as necesidades do alumnado do grupo, os informes do curso anterior e as avaliacións psicopedagóxicas e informes resultantes destas para poñer en marcha ó longo desta programación medidas de atención á diversidade de carácter ordinario, así como medidas extraordinarias (postas en marcha unha vez esgotadas as ordinarias) para atender ás necesidades do alumnado.

As medidas ordinarias postas en marcha co grupo-aula serán:

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Todas as programacións están adecuadas á contorna e características, necesidades e intereses do alumnado.
- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. En base a criterios organizativos e pedagóxicos o grupo está subdividido en 2 subgrupos, podendo deste xeito dar unha resposta máis individualizada ó alumnado do grupo.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promoven a inclusión.

Implantarase a metodoloxía TEACHH, válida para todo o alumnado pola súa riqueza en soporte visual, identificación de espazos e estruturación das sesións.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación sempre que sexan necesarios.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria a aquel alumnado que presenta dificultades ou que se detecte ó longo do curso que o precisa.

Ademais das anteriores, as medidas extraordinarias postas en marcha serán:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X		X
ET.4 - Competencia dixital				X		X		X
ET.5 - Creatividade		X		X		X		X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X	X				X	
ET.10 - Desenvolvemento sustentable		X	X				X	
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X		X
ET.4 - Competencia dixital		X		X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X			
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X			
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita ao Concello de Carnota para diversas actividades ó longo do curso como elaboración de chapas 25N; Saída ao cine para ver un estreo recente; desfile de Entroido; Saída de lectura na rúa a semana do Libro; Concertos didácticos en Santiago de Compostela (saída do 2º trimestre)...	X	X	X
Saídas á contorna	Saída á contorna para visitar o hórreo de Carnota (1º Ciclo -2º trimestre); Saída á praia de Carnota para recollida de lixo (3º trimestre)	X	X	X
Obradoiros	Actividades manipulativas e colaborativas na biblioteca: taller de máscaras de Samaín, collage 25N...; Celebración da Semana das Ciencias na Biblioteca con obradoiro de experimentos; Obradoiros medioambientais de ADEGA; Outras propostas que poidan xurdir ao longo do curso propostas por entidades alleas á escola..	X	X	X
Conmemoracións	Todas as recollidas na orde de calendario escolar, entre elas: Samaín (con xogos dinamizados, concurso de relatos relacionados coa cultura galega e o proxecto de biblioteca); Día das persoas con discapacidade (con xogos sensoriais e motrices dinamizados); Día dos dereitos dos nenos e nenas; 25N e Día Internacional da Muller, (actividades reflexivas en equipo e outras dinámicas de centro); Día de Rosalía; Semana do Libro; Semana da prensa...	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias figuran na PXA ou, no seu defecto, serán aprobadas polo Consello Escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación da programación é viable no contexto e no tempo.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía posta en marcha contempla a diversidade da aula e as necesidades do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización da aula é adecuada ás tarefas postas en marcha e os recursos son suficientes e necesarios.

Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade postas en marcha dan resposta ás necesidades da totalidade do alumnado do grupo.
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula é positivo e favorece as relacións socioemocionais do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe unha boa coordinación e comunicación co resto do equipo docente.
Existe unha boa coordinación e comunicación cos familias do alumnado.
Outros
O alumnado está motivado ante as dinámicas propostas.
Os instrumentos de avaliación utilizados axústanse ás necesidades do alumnado.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente.

Avaliaranse a través destes instrumentos:

- Enquisas
- Listas de cotexo
- Actas de avaliación
- Memoria da materia

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha avaliación da programación para verificar que se axeitou ás necesidades e intereses do alumnado, aos tempos de ensino-aprendizaxe e verificarase a adecuación da metodoloxía empregada.

Para isto farase uso dunha rúbrica de autoavaliación que conteña diferentes items:

- Resposta ás características e necesidades do alumnado da aula.
- Utilidade para o uso docente na aula.
- Adecuación da temporalización.
- Grao de adquisición dos contidos de aprendizaxe traballados.
- Prevención de mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e/ou reforzo.
- Coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
- Coherencia dos recursos utilizados.
- Relacións coas actividades extraescolares e complementarias.
- Relación cos proxectos do centro.

Os instrumentos utilizados para obter datos para poder complimentar a rúbrica anterior serán: diario de clase para seguimento da actividade lectiva, listas de cotexo e rexistros anecdóticos e probas e evidencias do nivel de adquisición de contidos do alumnado (probas orais e escritas, actividades finais dos libros, cadernos...).

Ademais desta autoavaliación, o alumnado fará unha avaliación das unidades didácticas a través de diferentes dinámicas: tarxetas de preguntas, dinámica de tarxetas positivo-negativo, possits ó encerado... Avaliarán as actividades postas en marcha, a comodidade á hora de poñelas en marcha, propostas de mellora... Deste xeito poderanse facer as modificacións oportunas no desenvolvemento das sesións posteriores.

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

9. Outros apartados